



ÁNGELA PARDAL

MULLER GALEGA, TRANS, LESBIANA, ARTISTA, MÚSICA E FEMINISTA

"Sempre vivín nun ambiente moi enrarecido e cambiante, sen espazo para expresarme ou recibir a atención que precisaba. A miña adolescencia foi moi complicada, e a iso sumouse o terremoto interno que intentaba esquivar acerca da miña identidade de xénero".

"A cousa máis bonita que consigo coa música é que me axuda a coñecerme".

Como moitas outras galegas, son neta de emigrantes. Meus avós emigraron a Sudamérica e fixeron a maior parte da súa vida en Colombia. Miña nai e todos os tíos naceron en Barranquilla (Colombia). Cando miña nai era adolescente meus avós decidiron retornar a Padrón e, ao pouco de estar aquí, nacín eu, a primeira neta da familia e a primeira en nacer en España. Miña nai tivome de moi nova e o seu matrimonio non duro moito. Sempre vivín nun ambiente moi enrarecido e cambiante, sen espazo para expresarme ou recibir a atención que precisaba. Así o recordo eu. Isto deu lugar a unha adolescencia moi complicada, que se xuntou cos terremotos internos que intentaba esquivar arredor da miña identidade de xénero.

En todo ese entorno empecei a facer música. O **rap** era a forma máis popular e accesible de expresarme a través da música. Só precisaba unha base instrumental que podía descargar de internet ou dalgún disco de instrumentais e comezar a cantar enriba.

En plena adolescencia abriu preto do meu pobo unha sala techno á que viñan Djs de primeiro nivel, e aquilo deixoume sen palabras. Aqueles sons electrónicos a tanto volume non deixaban sitio para outras cousas na miña cabeza e, por momentos, podía evadirme completamente da miña existencia. Con todo iso empecei a consumir drogas como éxtase ou cocaína, e iso aínda facía que me evadise mais. Foi unha época moi auto-destrutiva na que cada fin de semana morría unha pequena parte de min, pero estou segura que de non ter pasado por iso non estaría hoxe aquí. Eran pequenos

momentos de catarse que impedían que pensase noutro tipo de finais.

Logo empecei a tocar a batería. Aprendín de forma autodidacta. Comecei a tocar en varios grupos e coñecín aos que a día de hoxe son algúns dos meus mellores amigos. Recordo aquela época con moito afecto. Un deses grupos foi Músculo! O guai de formar parte daquela banda é que, ao facer música electrónica, podía experimentar coa batería ritmos e sons que me cativaban do **techno** e do **house** máis puro. Medrei moitísimo como música nesa etapa, pero seguía sen sentir que aquilo me representase da forma que eu quería. As dinámicas das bandas son moi complexas. É moi complicado pintar un cadro a dez mans e sentir ese cadro como teu. Abandonar Músculo! Foi unha decisión moi difícil, pero sempre sentín que facía o correcto.

E así naceu **Pandoé**. O meu primeiro proxecto serio en solitario. Baixo este nome publiquei un ep e un disco, cun son ben diferente do que fixera até o momento. Sempre tiven a inqueda de experimentar coa mestura entre música tradicional galega e música electrónica, e mergulleime nun mundo novo para min. Cando o proxecto empezaba a coller azos tiven que interrompelo por motivos persoais. Foi entón cando marchei de Galicia, primeiro a Madrid, despois a Valencia, e agora Barcelona. Ese tempo de parón veume moi ben para poder pensar e buscar con moita máis fondura o que quería na vida. E da man da miña transición de xénero chegou o meu proxecto actual, **Ángela Pardal**.

Cando vivía en Alicante decidín por fin que tiña que dar o paso de *transicionar*. Foi ao comezo da pandemia. Tiven clara a miña identidade de xénero dende moi cedo, pero nunca tiven o entorno nin a estabilidade, tanto arredor como dentro de min, para tomar a decisión de vivir conforme ao que son. Ao final é unha cuestión de inconformismo, de dicir "non teño por que aceptar o que me marca a sociedade".

Dende o principio intentei levar todo o proceso coa máxima naturalidade posible. Pero non é nada doado, de cando en vez a sociedade intenta facerche ver que non es natural. Son moitas as barreiras que hai que ir superando cada día. Algunhas son moi obvias, outras non tanto, e son precisamente esas que non esperas as que te poñen do revés, arrastrándote cara o fondo. A xente acostuma pensar que hai que ser moi valente para dar este paso, e todo o mundo esforzouse por facermo ver. O que non imaxina a xente é que hai que ser valente cada día. Na vida cotiá hai centos de situacións nas que hai que apertar os dentes e tirar cara diante. E ese sobre-esfuerzo, ese desgaste de enerxía que implica ser valente cada día, é realmente esgotador. Hai que facer moito traballo persoal para ter a cabeza no seu sitio. Eu contei coa axuda da asociación TRANSIT, que é a encargada de acompañar e orientar as persoas transexuais na comunidade valenciana. Unha vez en Barcelona continuei facendo terapia, e a verdade que é unha axuda tremenda para seguir dando pasos cara a felicidade e o benestar.

